

## RESOLUCIÓN DO XERENTE DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, DE 29 DE DECEMBRO DE 2021, DE PRÓRROGA DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO ECONÓMICO 2022

O artigo 175 dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) establece que:

*A falta de aprobación do orzamento anual da Universidade antes do 1 de xaneiro do ano correspondente suporá a prórroga automática do orzamento do ano anterior.*

O Regulamento de xestión orzamentaria da Universidade de Santiago de Compostela (en diante, Regulamento), aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 29 de decembro de 2020, e publicado no DOG de 9 de febreiro de 2021, refírese igualmente á prórroga do orzamento nos seguintes artigos:

*Artigo 16. Aprobación do orzamento  
(...)*

*3. O orzamento aprobarase antes do 1 de xaneiro de cada ano e, en caso contrario, considerarase automaticamente prorrogado o inicial do exercicio anterior, nos termos previstos no artigo seguinte, e mentres non se produza a aprobación dun novo orzamento.*

*Artigo 17. Prórroga do orzamento*

*1. A prórroga do orzamento adecuarase á resolución do xerente na cal se detallarán os importes dos créditos prorrogados, resultantes de axustar nos créditos iniciais do orzamento prorrogado aqueles gastos que deban ser excluídos por referirse a actuacións rematadas, así como aqueles que non se consideren necesarios para o exercicio que se inicia.*

O calendario de tramitación e aprobación dos orzamentos tanto a nivel estatal como na administración autonómica, así como a recente aprobación do novo Plan Galego de Financiamento Universitario 2022-2026 mediante acordo do Consello da Xunta do día 16 deste mesmo mes de decembro —documento que constitúe a orixe dunha parte moi relevante dos ingresos da USC— provocaron que, por un criterio de prudencia, se demorara a elaboración e aprobación do orzamento desta Universidade para o exercicio 2022 e, polo tanto, sen posibilidade de telo concluído antes do remate do ano 2021.

O xa citado artigo 17 do Regulamento especifica cal debe ser o contido da prórroga dos orzamentos, e permite que se inclúan nos estados de gastos dos créditos prorrogados outras actuacións de urxente iniciación ou cobertura, sempre que teñan cabida dentro das baixas pola exclusión dos créditos que non se consideren necesarios no exercicio que se inicia.

Unha vez aprobados os novos orzamentos, e de acordo co previsto nesta resolución, imputaráselle as operacións realizadas durante o período de prórroga a aqueles créditos do orzamento aprobado con cargo aos cales se deberá efectuar tal imputación.

Poderase igualmente acordar a declaración de non dispoñibilidade dalgúns dos créditos prorrogados, coa finalidade de non incorrer en obrigacións superiores aos créditos que finalmente se autoricen coa aprobación do orzamento para o exercicio 2022.

Con respecto aos ingresos, o Regulamento establece que os estados de ingresos do orzamento prorrogado terán vixencia durante o período de prórroga. A súa elaboración realizarase en función das previsións que deriven da liquidación do orzamento de ingresos do exercicio prorrogado, ou de calquera outra información válida para sustentar as ditas previsións, que non implique cambio normativo algún.

De acordo coa previsión do artigo 2.2 do Regulamento aténdese igualmente ao disposto en materia de prórroga orzamentaria no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. Esta norma, ademais que conter as previsións para os estados de gastos xa comentadas na regulamentación da USC, establece no seu artigo 54 que nos orzamentos prorrogados deberán realizarse os axustes que correspondan, mencionando entre eles a exclusión daqueles gastos referidos a actuacións que deban quedar ultimadas ao finalizar o exercicio dos orzamentos do cal se prorrogan, así como aqueles que non se consideren necesarios para o exercicio que se inicia. Isto dará lugar ás oportunas baixas motivadas neses estados que permitirán á súa vez os axustes pertinentes.

Unha regulación similar contense na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, da cal interesa destacar neste momento dúas previsións contidas no artigo 38, parágrafos 2º e 3º, de alcance xeral:

- A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a programas ou actuacións que rematen no exercicio cuxos orzamentos se prorrogan ou para obrigacións que se extingan no mesmo.
- A estrutura orgánica do orzamento prorrogado adaptarase —sen alteración da contía total— á organización administrativa en vigor no exercicio no que se deba executar o orzamento.

Por outra parte, calquera actuación da USC en materia orzamentaria estará sometida aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria, eficiencia na asignación e no emprego dos recursos públicos, así como os de transparencia e responsabilidade na xestión do gasto, en virtude do disposto na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. A necesidade de aplicar medidas de estabilidade orzamentaria implica neste caso a declaración de non dispoñibilidade temporal dalgúns dos créditos prorrogados, coa finalidade de non incorrer en gastos superiores aos créditos que finalmente se autoricen coa aprobación do orzamento para o exercicio 2022.

O marco normativo citado permite á USC prorrogar os orzamentos de 2021 en tanto non sexan aprobados os do exercicio 2022 e, ao mesmo tempo, obriga a que o dito orzamento se adapte á estrutura orgánica actual da USC, a suprimir aqueles créditos que tiveron unha vixencia limitada ao exercicio 2021, así como a declarar a non dispoñibilidade de determinados créditos para garantir o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

Por todo o exposto, o xerente da USC

**RESOLVE:**

**Primeiro. Prórroga do orzamento**

Prorróganse os créditos iniciais do orzamento da USC que corresponde ao ano económico 2021, aprobado polo Consello Social o 7 de maio de 2021, para súa vixencia durante o exercicio 2022, en tanto non se produza a aprobación e entrada en vigor do orzamento do novo exercicio, agás os créditos relativos a actuacións cuxa vixencia se limitaba ao propio exercicio 2021.

Como consecuencia, as normas e execución contidas nos orzamentos de 2021 continuarán vixentes no exercicio 2022.

**Segundo. Estado dos ingresos e gastos prorrogados.**

As contías que corresponden aos capítulos orzamentarios de ingresos e gastos son as que se indican a continuación:

**PRÓRROGA DOS ORZAMENTOS PARA 2022**

**INGRESOS**

| CAPÍTULO     |                                   | 2021               | Créditos 2022 (prórroga) |
|--------------|-----------------------------------|--------------------|--------------------------|
| 3            | Prezos públicos e outros ingresos | 34.496.500         | 34.496.500               |
| 4            | Transferencias correntes          | 144.830.260        | 144.830.260              |
| 5            | Ingresos patrimoniais             | 475.000            | 475.000                  |
| 6            | Alleamento investimentos reais    | 2.850.000          | -                        |
| 7            | Transferencias de capital         | 77.080.540         | 77.420.540               |
| 8            | Activos financeiros               | -                  | -                        |
| 9            | Pasivos financeiros               | 2.730.000          | -                        |
| <b>TOTAL</b> |                                   | <b>262.462.300</b> | <b>257.222.300</b>       |

**GASTOS**

| CAPÍTULO     |                           | 2021               | Créditos 2022 (prórroga) |
|--------------|---------------------------|--------------------|--------------------------|
| 1            | Gastos de persoal         | 157.971.000        | 157.971.000              |
| 2            | Gastos correntes          | 26.830.665         | 26.830.665               |
| 3            | Gastos financeiros        | 550.000            | 550.000                  |
| 4            | Transferencias correntes  | 3.768.290          | 3.768.290                |
| 5            | Fondo continxencia        | 750.000            | 750.000                  |
| 6            | Investimentos reais       | 69.492.345         | 64.652.345               |
| 7            | Transferencias de capital | -                  | -                        |
| 8            | Activos financeiros       | -                  | -                        |
| 9            | Pasivos financeiros       | 3.100.000          | 2.700.000                |
| <b>TOTAL</b> |                           | <b>262.462.300</b> | <b>257.222.300</b>       |

### **Terceiro. Detalle das partidas de ingresos**

No anexo I detállanse as partidas de ingresos do exercicio 2021 que se prorrogan. No mesmo cadro indícanse as partidas que darán lugar a variacións significativas nos ingresos de 2022, ben pola súa vixencia limitada a 2021 ou ben polas previsións actualizadas, e cuxo importe debe ser compensado no estado de gastos.

### **Cuarto. Detalle das partidas de gastos**

No anexo II figura o detalle das partidas de gastos do exercicio 2021 que se prorrogan. Indícanse nesa táboa as adaptacións á codificación actual que é preciso realizar nalgúns casos.

O anexo III e o anexo IV conteñen, respectivamente, os créditos detallados asignados aos centros e departamentos da USC. Os créditos que se distribúen equivalen ao 50% dos créditos asignados no exercicio 2021; o resto distribuirase unha vez que se aprobe o orzamento do exercicio 2022.

### **Quinto. Non dispoñibilidade dos créditos**

De acordo co previsto no artigo 17.2 do Regulamento, con carácter xeral, decláranse inicialmente non dispoñible o 60% dos créditos que non teñen asociados compromisos por contratos vixentes durante o exercicio 2022.

A non dispoñibilidade deses créditos farase operativa mediante unha retención de crédito en cada unha das partidas e polos importes indicados no anexo II. Contabilizaranse en primeiro lugar os compromisos por contratos vixentes durante o exercicio 2022 e a continuación aplicarase unha retención do 60% sobre o crédito dispoñible..

Non están sometidos ao citado criterio de non dispoñibilidade as partidas que teñen a consideración de fondos para distribuír, que unicamente poden dar lugar a novas partidas de gasto na mesma medida en que se reciban ingresos para as actividades previstas en 2022.

### **Sexto. Imputación ao orzamento de 2022**

Unha vez aprobados os novos orzamentos procederase a imputarlles a estes as operacións realizadas durante o período de prórroga.

O Xerente da USC

## ANEXO I

### ORZAMENTO DE INGRESOS

| Código económico | Denominación da partida  | Créditos 2021     | Previsión 2022 (prórroga) |
|------------------|--|-------------------|---------------------------|
| 31000            | PREZOS PÚBLICOS EN ESTUDOS OFICIAIS                                | 18.550.000        | 18.550.000                |
| 31100            | PREZOS EN ESTUDOS NON OFICIAIS                                     | 900.000           | 900.000                   |
| 31102            | UNIVERSIDADE DE VERÁN  | 100.000           | 100.000                   |
| 31103            | CENTRO DE LINGUAS MODERNAS   | 350.000           | 350.000                   |
| 31104            | CUARTO CICLO   | 50.000            | 50.000                    |
| 31900            | OUTROS ESTUDOS   | 40.000            | 40.000                    |
| 32000            | INSCRICIÓN EN CONCURSOS E OPOSICIÓN                                | 40.000            | 40.000                    |
| 32100            | INSCRICIÓN EN CONGRESOS E SIMILARES                                | 350.000           | 350.000                   |
| 32200            | DEREITOS ALOXAMENTO SUR  | 2.150.000         | 2.150.000                 |
| 32300            | SERVIZOS PRESTADOS POR ACTIVIDADES DE I+D                          | 9.560.000         | 9.560.000                 |
| 32400            | SERVIZOS PRESTADOS DOCENCIA  | 250.000           | 250.000                   |
| 32500            | INSTALACIÓN DEPORTIVAS   | 350.000           | 350.000                   |
| 32600            | ESCOLA INFANTIL  | 125.000           | 125.000                   |
| 32700            | MUSEOS   | 40.000            | 40.000                    |
| 32800            | SERVIZOS PRESTADOS POR ATENCIÓN CLÍNICAS                           | 750.000           | 750.000                   |
| 32900            | OUTROS INGRESOS POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS                        | 75.000            | 75.000                    |
| 33000            | VENDA DE PUBLICACIÓN PROPIAS                                       | 65.000            | 65.000                    |
| 33200            | VENDA FOTOCOPIAS E OUTROS  | 1.500             | 1.500                     |
| 33300            | VENDA ENERXÍA ELÉCTRICA  | 120.000           | 120.000                   |
| 38000            | REINTEGROS EXERCICIOS PECHADOS                                     | 75.000            | 75.000                    |
| 38103            | CONSUMOS CONCESIONARIOS  | 250.000           | 250.000                   |
| 38104            | INDEMNIZACIÓN POR CONTRATOS  | 5.000             | 5.000                     |
| 38108            | COMPENSACIÓN SEGUROS   | 50.000            | 50.000                    |
| 39900            | OUTROS INGRESOS DIVERSOS   | 250.000           | 250.000                   |
|                  | <b>CAPÍTULO III. PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS</b>             | <b>34.496.500</b> | <b>34.496.500</b>         |
| 41001            | SEPIE. PROGRAMA ERASMUS  | 1.800.000         | 1.800.000                 |
| 43010            | AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA                                      | 250.000           | 250.000                   |
| 45101            | PFGU. FINANCIAMENTO ESTRUTURAL. CUSTO ESTÁNDAR                     | 105.416.400       | 105.416.400               |
| 45102            | PFGU. MANTEMENTO CONSELLO SOCIAL                                   | 207.880           | 207.880                   |
| 45103            | PFGU. FINANCIAMENTO POR RESULTADOS                                 | 17.493.950        | 17.493.950                |
| 45104            | PFGU. SEXENIOS, COMPLEMENTOS RETRIBUTIVOS AUTONÓMICOS E MATRÍCULAS | 13.044.540        | 13.044.540                |
| 45105            | PFGU. ACCIÓN DE MELLORA DA CALIDADE                                | 45.000            | 45.000                    |
| 45140            | PRAZAS VINCULADAS (SERGAS)   | 4.177.490         | 4.177.490                 |
| 46000            | DE CORPORACIÓN LOCAIS  | 200.000           | 200.000                   |
| 47000            | DE EMPRESAS PRIVADAS   | 50.000            | 50.000                    |

| Código económico | Denominación da partida                                       | Créditos 2021      | Previsión 2022 (prórroga) |
|------------------|---|--------------------|---------------------------|
| 47001            | BANCO SANTANDER. CONVENIO                                     | 1.800.000          | 1.800.000                 |
| 48000            | DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO                  | 195.000            | 195.000                   |
| 48050            | MICROMECEADO  | 150.000            | 150.000                   |
|                  | <b>CAPÍTULO IV. TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>                  | <b>144.830.260</b> | <b>144.830.260</b>        |
| 54000            | CESIÓN DE ESPAZOS   | 325.000            | 325.000                   |
| 55000            | CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS                                    | 100.000            | 100.000                   |
| 59000            | OUTROS INGRESOS PATRIMONIAIS                                  | 50.000             | 50.000                    |
|                  | <b>CAPÍTULO V. INGRESOS PATRIMONIAIS</b>                      | <b>475.000</b>     | <b>475.000</b>            |
| 61000            | VENDA DE TERREOS  | 2.850.000          | -                         |
|                  | <b>CAPÍTULO VI. ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS</b>         | <b>2.850.000</b>   | <b>-</b>                  |
| 70100            | MINISTERIOS. RECURSOS INVESTIGACIÓN                           | 2.900.000          | 2.900.000                 |
| 70199            | FONDOS ESTATAIS DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA | 2.000.000          | 2.000.000                 |
| 73000            | TRANSFERENCIAS PARA I+D ESTATAIS (AEI, ORGANISMOS AUTÓNOMOS)  | 14.800.000         | 19.180.000                |
| 73002            | RECURSOS INVESTGACIÓN (INSTITUTO DE SALUD CARLOS III)         | 275.000            | 275.000                   |
| 75000            | TRANSFERENCIAS PARA I+D AUTONÓMICAS                           | 22.850.000         | 22.850.000                |
| 75001            | PFGU. FINANCIAMENTO POR RESULTADOS                            | 14.313.220         | 14.313.220                |
| 75002            | PGFU. RAM   | 2.385.470          | 2.385.470                 |
| 75009            | OUTRAS TRANSFERENCIAS DE CAPITAL AUTONÓMICAS                  | 4.040.000          | -                         |
| 75201            | TRANSFERENCIAS PARA I+D GAIN                                  | 900.000            | 900.000                   |
| 75203            | TRANSFERENCIAS AXENCIA GALEGA DE TURISMO                      | 450.000            | 450.000                   |
| 75204            | TRANSFERENCIAS SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE                | 76.600             | 76.600                    |
| 76000            | TRANSFERENCIAS DE CAPITAL DE CORPORACIÓNS LOCAIS              | 392.250            | 392.250                   |
| 77000            | RECURSOS DE I+D DE EMPRESAS PRIVADAS                          | 275.000            | 275.000                   |
| 78000            | RECURSOS DE I+D DE FAMILIAS E INSTITUCIÓNS SEN FINS DE LUCRO  | 2.100.000          | 2.100.000                 |
| 79550            | RECURSOS DE I+D DA UNIÓN EUROPEA                              | 9.323.000          | 9.323.000                 |
|                  | <b>CAPÍTULO VII. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL</b>                | <b>79.810.540</b>  | <b>77.420.540</b>         |
|                  | <b>TOTAL INGRESOS</b>   | <b>262.462.300</b> | <b>257.222.300</b>        |



## ANEXO II

### ORZAMENTO DE GASTOS

| Código orgánico | Código funcional | Novo código funcional | Código económico | Novo código económico | Denominación   | Crédito 2021 | Crédito 2022 (prorrogado) | Non dispoñibilidade (RC) |
|-----------------|------------------|-----------------------|------------------|-----------------------|--|--------------|---------------------------|--------------------------|
| 8075            | 3000             |                       | 11010            |                       | Persoal Eventual. Soldo  | 147.800      | 147.800                   |                          |
| 8075            | 3402             |                       | 12000            |                       | PAS Funcionario. Programa temporal e acumulación de tarefas. Retrib. básicas | 85.400       | 85.400                    |                          |
| 8075            | 3401             |                       | 12000            |                       | PAS Funcionario, substitucións transitorias. Retribucións básicas            | 837.600      | 837.600                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12010            |                       | PAS Funcionario. Soldo   | 6.072.300    | 6.072.300                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12011            |                       | PAS Funcionario. Trienios  | 1.651.300    | 1.651.300                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12020            |                       | PDI Funcionario. Soldo   | 17.329.800   | 17.329.800                |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12021            |                       | PDI Funcionario. Trienios  | 6.734.100    | 6.734.100                 |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 12023            |                       | PDI Funcionario. Trienios Sergas   | 91.500       | 91.500                    |                          |
| 8075            | 3402             |                       | 12100            |                       | PAS Funcionario. Programa temporal e acumulación de tarefas. Retrib. Compl.  | 118.300      | 118.300                   |                          |
| 8075            | 3401             |                       | 12100            |                       | PAS Laboral, substitucións transitorias. Retribucións complementarias        | 1.159.600    | 1.159.600                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12110            |                       | PAS Funcionario. Complemento Destino   | 3.675.800    | 3.675.800                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12111            |                       | PAS Funcionario. Complemento Específico                                      | 5.769.200    | 5.769.200                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12112            |                       | PAS Funcionario. Cargos Académicos   | 7.100        | 7.100                     |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12114            |                       | PAS Funcionario. IPC Galego  | 68.200       | 68.200                    |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12116            |                       | PAS Funcionario. Complemento Antigüidade e Homoxeneización                   | 982.500      | 982.500                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12120            |                       | PDI Funcionario. Complemento de Destino                                      | 13.464.400   | 13.464.400                |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12121            |                       | PDI Funcionario. Complemento Específico Xeral                                | 9.557.100    | 9.557.100                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12122            |                       | PDI Funcionario. Complemento Mérito Docente                                  | 9.168.900    | 9.168.900                 |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 12123            |                       | PDI Funcionario. Produtividade Investigadora                                 | 5.793.400    | 5.793.400                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12124            |                       | PDI Funcionario. Cargos Académicos   | 1.167.000    | 1.167.000                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12127            |                       | PDI Funcionario. Mérito Docencente Ensino Non Universitario                  | 31.800       | 31.800                    |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12128            |                       | PDI Funcionario. Complemento Lei2/92 (IPC Galego)                            | 263.800      | 263.800                   |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 12131            |                       | PDI Funcionario. Complemento Retributivo Autonómico                          | 6.157.700    | 6.157.700                 |                          |

| Código orgánico | Código funcional | Novo código funcional | Código económico | Novo código económico | Denominación  | Crédito 2021 | Crédito 2022 (prorrogado) | Non dispoñibilidade (RC) |
|-----------------|------------------|-----------------------|------------------|-----------------------|---|--------------|---------------------------|--------------------------|
| 8075            | 8000             |                       | 12140            |                       | PDI Funcionario. Complemento Retributivo Rof Codina                   | 45.000       | 45.000                    |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 12141            |                       | PDI Funcionario. Complemento Asistencial Fixo Sergas                  | 1.623.000    | 1.623.000                 |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 12143            |                       | PDI Funcionario. Complemento Productividade Variable Sergas           | 64.500       | 64.500                    |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 12144            |                       | PDI Funcionario. Complemento Carreira Grao I - Sergas                 | 962.800      | 962.800                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12204            |                       | PAS Funcionario. Axustes RPT  | 700.000      | 700.000                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 12251            |                       | PDI!! PAS Funcionario. Resposición prazas                             | 720.000      | 720.000                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13000            |                       | PAS Laboral. Soldo  | 11.793.900   | 11.793.900                |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13001            |                       | PAS Laboral. Trienios   | 2.195.900    | 2.195.900                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13002            |                       | PAS LABORAL. PAGAS EXTRA  | 3.000        | 3.000                     |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13008            |                       | PAS Laboral. Gratificacións por xubilación                            | 500.000      | 500.000                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13021            |                       | PAS Laboral. Complemento Persoal Transitorio                          | 6.200        | 6.200                     |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13030            |                       | PAS Laboral. Plus Categoría   | 1.850.200    | 1.850.200                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13031            |                       | PAS Laboral. Plus Postos Singularizados                               | 902.900      | 902.900                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13033            |                       | PAS Laboral. Plus Xornada   | 263.400      | 263.400                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13034            |                       | PAS Laboral. Plus Especial Dispoñibilidade                            | 9.500        | 9.500                     |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13037            |                       | PAS Laboral. Plus de Nocturnidade                                     | 3.200        | 3.200                     |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13060            |                       | PDI Laboral. Soldo  | 4.662.300    | 4.662.300                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13061            |                       | PDI Laboral. Complemento de Destino                                   | 3.531.800    | 3.531.800                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13062            |                       | PDI Laboral. Complemento Específico                                   | 1.998.100    | 1.998.100                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13063            |                       | PDI Laboral. Tramos Antigüidade                                       | 1.131.300    | 1.131.300                 |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 13065            |                       | PDI Laboral. Complementos Retributivos Autonómicos                    | 964.000      | 964.000                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13066            |                       | PDI Laboral. Mérito Docente   | 1.547.500    | 1.547.500                 |                          |
| 8075            | 8000             |                       | 13067            |                       | PDI Laboral. Productividade Investigadora                             | 644.800      | 644.800                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13068            |                       | PDI Laboral. IPC Galego   | 55.100       | 55.100                    |                          |
| 8075            | 3402             |                       | 13100            |                       | PAS Laboral. Programa Temporal e Acumulación de Tarefas.Reatribucións | 107.200      | 107.200                   |                          |



| Código orgánico | Código funcional | Novo código funcional | Código económico | Novo código económico | Denominación   | Crédito 2021 | Crédito 2022 (prorrogado) | Non dispoñibilidade (RC) |
|-----------------|------------------|-----------------------|------------------|-----------------------|--|--------------|---------------------------|--------------------------|
| 8075            | 3404             |                       | 13100            |                       | PDI Laboral.Substitución Servizos Especiais e Outros.Retribucións          | 311.900      | 311.900                   |                          |
| 8075            | 3403             |                       | 13100            |                       | PDI Laboral. Substitución It e Outros.Retribucións                         | 396.500      | 396.500                   |                          |
| 8075            | 3405             |                       | 13100            |                       | PDI Laboral. Redución Docencia.Retribucións                                | 476.400      | 476.400                   |                          |
| 8075            | 3401             |                       | 13100            |                       | PAS LABORAL SUBSTIT.TRANSITORIA. RETRIBUCIÓN                               | 892.600      | 892.600                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13110            |                       | Persoal Alta Dirección. Retribucións                                       | 75.400       | 75.400                    |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13160            |                       | PDI Laboral Temporal. Soldo  | 4.246.200    | 4.246.200                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13161            |                       | PDI Laboral Temporal. Complemento de Destino                               | 2.790.800    | 2.790.800                 |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13162            |                       | PDI Laboral Temporal. Complemento Específico                               | 184.400      | 184.400                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13163            |                       | PDI Laboral Temporal. Trienios   | 240.300      | 240.300                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13165            |                       | PDI Laboral Temporal. IPC Galego   | 26.300       | 26.300                    |                          |
| 8075            | 9600             |                       | 13300            |                       | Persoal. Centro de Benvida Internacional                                   | 122.800      | 122.800                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 13300            |                       | Persoal. Imprevistos   | 200.000      | 200.000                   |                          |
| 8075            | 3406             |                       | 14800            |                       | Profesores Eméritos  | 50.300       | 50.300                    |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 15000            |                       | Incentivos ao Rendemento e Gratificacións                                  | 15.000       | 15.000                    |                          |
| 8075            | 3402             |                       | 16001            |                       | PAS Laboral. Programa temporal e acumulación de tarefas. Seguridade Social | 53.000       | 53.000                    |                          |
| 8075            | 3401             |                       | 16001            |                       | PAS Funcionario, substitucións transitorias. Seguridade Social             | 600.200      | 600.200                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 16001            |                       | PAS Funcionario. Seguridade Social   | 4.534.200    | 4.534.200                 |                          |
| 8075            | 3402             |                       | 16002            |                       | PAS Laboral. Programa temporal e acumulación de tarefas. Seguridade Social | 52.400       | 52.400                    |                          |
| 8075            | 3401             |                       | 16002            |                       | PAS laboral Substitucións transitorias. Seguridade Social                  | 289.100      | 289.100                   |                          |
| 8075            | 3000             |                       | 16002            |                       | PAS Laboral. Seguridade Social   | 4.889.800    | 4.889.800                 |                          |
